



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Programación de Idiomas aplicados al Canto Curso 2024-25



Índice

1. Introducción	3
2. Metodoloxía.....	3
3. Atención á diversidade	5
4. Temas transversais	6
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	8
6. Secuenciación do curso	8
6.1 Curso: 1º	8
6.2 Curso: 2º	16
6.3 Curso: 3º	22
6.4 Curso: 4º	29
6.5 Curso: 5º	35
6.6 Curso: 6º	42
7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	50
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	50
PROBAS DE ACCESO	51

1. Introducción

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. En consonancia, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior Decreto 203/2007, do 27 de setembro.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

2. Metodoloxía

2.1 PRINCIPIOS METODOLÓXICOS XERAIS:

A metodoloxía que se vai a aplicar na aula desenrolarase de acordo aos seguintes principios xerais:

Aprendizaxe funcional (partindo do nivel real de coñecementos do alumnado).

Ensinanza dinamizadora (provocar o estímulo e o interese no alumnado polo seu propio progreso, favorecer a súa autonomía e capacidade de superación,...).

Adaptación á diversidade do alumnado (metodoloxías diversas e actividades diferenciadas, adaptándonos ás características particulares de cada discente).

Interdisciplinariade (aplicando o principio de “Globalización”, relacionar os contados propios con outras materias do Currículum, traballo en coordinación con todo o equipo docente, etc).

Avaliación continuada e constante (da Programación Didáctica, de cada discente de xeito personalizado, do proceso de ensinanza-aprendizaxe, da práctica docente..).

2.3 PRINCÍPIOS METODOLÓXICOS CONCRETOS:

É primordial conseguir a fluidez na pronunciación dos diferentes idiomas. Para iso, en primeiro lugar, resulta imprescindible coñecer-la fonética dos mesmos. Polo tanto, a lectura e análise fonético de textos tanto musicáis como de outra índole será o método vertebral da asignatura. Por suposto que estas actividades son fundamentais, pero non deben excluír a posibilidade de poder aplicar dende o primeiro momento da aprendizaxe o aprendido á clase de Canto. A estratexia metodolóxica a seguir neste caso, consistirá en aplicar durante os primeiros meses un repertorio adecuado ao nivel do principiante e ás posibilidades que estean ao seu alcance a curto prazo.

3. Atención á diversidade

Atenderase de forma personalizada a cada alumno/a tendo en conta as súas circunstancias; debido a que as clases de maneira xeral non excederán de catro alumnos/as, e incluso ás veces poden chegar a ser individuais, faise mais doado poder levar a cabo este tipo de atención.

Distinguiremos diferentes necesidades específicas atendendo a lo menos dun xeito moi xeral a tres categorías ou grupos:

1) Alumnos con necesidades educativas especiais:

Incluirase aquí os alumnos con discapacidades (visuais auditivas ou calquera outra limitación física) ou problemas de conducta graves (antisociais, complexos e calquera tipo de tensións).

2) Alumnos con alta capacidade intelectual:

Aqueles alumnos que precisen ampliación de coñecementos respecto dos contemplados para o seu nivel.

3) Alumnos de incorporación tardía ao Sistema Educativo:

Aqueles alumnos con incorporación tardía, en cursos intermedios, e/ou que proceden doutro ámbito educativo.

En todos estes casos aplicaranse os seguintes principios xerais atendendo a cada necesidade.

1) Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha ampla gama de actividades didácticas que respondan aos diferentes graos de aprendizaxe.

2) Variacións da metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada alumno.

- 3) Proposta de actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contados da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contados con existencias distintas.
- 4) Organización do traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- 5) Variación do ritmo de introducción de novos contidos adaptándose ao alumno/a individualmente.
- 6) Adaptación dos obxetivos e por tanto dos contidos terá que respetar os mínimos esixibles fixados na programación.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais. Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe despertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade. O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, o compromiso co medio ambiente ou a educación para a paz poderán ser incorporados tanto na clase.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe. O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc.

Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso na aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, grabadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno.

Modelo Programación MD.75.PRO.01. Ver. 01

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso na aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc. O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados no aula debe

respetar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc.

Os alumnos e alumnas e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar aos alumnos e alumnas e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

6. Secuenciación do curso

6.1 Curso: 1º

6.1.1. Obxectivos

- Coñecer os aspectos culturais do ámbito xeográfico do idioma italiano.
- Adquirir coñecementos básicos sobre as características fonéticas, estruturais e normas de interacción comunicativa que condicionan o uso da lingua.
- Adquirir as competencias fonéticas básicas que capaciten ao alumnado para transcribir fonéticamente textos sinxelos en idioma italiano e ser capaces de reproducir en voz alta textos transcritos fonéticamente.
- Adquirir un nivel básico de coñecementos gramaticais para poder ler, traducir e interpretar textos ou cancións do seu repertorio.

- escoitar fragmentos musicais en italiano tendo en conta as pequenas variacións que algunhas veces é necesario facer na pronunciación no momento de cantar.
- Estudo da historia da música vocal en italiano, incluíndo audicións e versións comparadas; explicando previamente os persoaxes que interveñen e o argumento, así coma traballar a lectura e tradución libre de pequenos fragmentos do mesmo.

- **6.1.2 Contidos**

Os contidos en torno aos que se planificará a clase de Lingua Italiana para cumprir os obxectivos propostos serán os seguintes:

Acercamento a súa lingua e cultura.

- italiano, lingua románica, o plurilingüismo en Italia, distribución xeográfica.
- Características xerais da lingua italiana en comparación con outras linguas e co español.

Sistema fonético e gráfico

- Alfabeto fonético internacional (AFI-IPA).
- As vocais.
- As consoantes simples e as doppias.
- -O acento.
- -O apócope e o emprego do apóstrofe.

Iniciación á gramática e morfosintaxis

artigo definido e indefinido.

- sustantivo e o adxetivo: xénero, número, formación do plural.

- Os pronomes persoais.
- Verbos máis importantes.
- Interpretación de textos cantados.

- **6.1.3 Avaliación**

- **Criterios de avaliación**

- Emitir correctamente breves contidos orais na lingua italiana.
- Ler de xeito autónomo un texto literario musical na lingua italiana.
- Ler de xeito autónomo textos transcritos fonéticamente na lingua italiana.
- Memorizar textos breves pertencentes a obras musicais e declamarlos de xeito expresivo.
- Transcribir e comentar gramatical e fonéticamente textos de partituras estudadas.
- Cantar de memoria pronunciando axeitadamente o texto das partituras do repertorio do alumnado.
- Demostrar unha comprensión suficiente do contexto histórico musical e literario das pezas así coma o carácter e importancia dramática dos persoaxes.

- **Mínimos esixibles**

1º TRIMESTRE:

- Demostrar o coñecemento das regras fonéticas e fonolóxicas da lingua italiana.
- Ser capaz de ler cunha pronunciación correcta textos sinxelos de diversos xéneros en italiano.
- Demostrar o manexo dos conceptos básicos gramaticais correspondentes ó trimestre, mediante a realización de exercicios.



- Entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 1º trimestre.

2º TRIMESTRE:

- Mostrar dominio progresivo na emisión correcta dos diversos fonemas da lingua italiana.
- Recoñecer e diferenciar auditivamente os fonemas.
- Mostar progreso na aplicación da fonética cantada no repertorio de Canto.
- Demostrar o manexo dos conceptos básicos gramaticais correspondentes ó trimestre, mediante a realización de exercicios.
- Entregar un traballo coa transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 2º trimestre.
- Ser capaces de ler textos transcritos en AFI (IPA).
- Demostrar coñecementos básicos da historia do repertorio vocal en lingua italiana.

3º TRIMESTRE:

- Mostrar o dominio na lectura dun texto literario musical en italiano de xeito autónomo.
- Demostrar o manexo dos conceptos básicos gramaticais correspondentes ó trimestre, mediante a realización de exercicios.
- Entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 3º trimestre.
- Ser capaces de ler de forma correcta textos transcritos en AFI (IPA).
- Demostrar coñecementos básicos da historia do repertorio vocal en lingua italiana.

- **Procedementos e ferramentas de avaliación**

- Avaliación Inicial ou de "diagnóstico" ao comezar o curso, coa que o profesor poderá avaliar o punto de partida a principios do curso. Este proceso comprenderá as accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
- Avaliación Continua, que realizará o profesor mediante anotacións e observacións no Caderno do Alumno. Tamén serán avaliadas as actuacións individuais e colectivas en Audicións e Concertos públicos, con respecto aos contidos desta materia. A avaliación continua, realizará a profesora mediante anotacións e observacións no caderno do alumno, que reflexen o aproveitamento do traballado na clase, mediante as actividades que se fagan na mesma, así como a interacción co profesorado implicado
- Avaliación Final, que conterá todas as anteriores, e medirá o nivel de consecución dos obxectivos do curso, o nivel de progreso e adicación do alumno e o nivel dos resultados obtidos.

- **Criterios de cualificación**

A través de probas escritas e orais, cualificarase en base aos seguinte parámetros, de 1 a 10:

- Coñecemento da fonética do idioma, recoñecemento dos símbolos fonéticos e reprodución dos sons correspondentes, transcripción fonética de textos no idioma a traballar.
- Lectura dramatizada de textos no idioma correspondente coa fonética e entonación axeitada, tradución libre de pequenos fragmentos,



reproducción de memoria de textos musicáis no idioma correspondente.

- Contidos gramaticáis: dominio dos conceptos básicos e capacidade para solucionar exercicios sinxelos de contido gramatical.
- Actitude fronte a materia: interese na asignatura, actitude fronte ao aprendizaxe, (nivel de atención, concentración e colaboración na aula, grao de interese, implicación, etc.). Calidade dos exercicios e participación nas actividades do departamento.

A cualificación final ponderarase deste xeito:

A) Valoración dos contidos específicos fonéticos e gramaticáis do curso: (80%).

- Fonética, transcrición, lectura e tradución: 60%**
- Gramática: 20%**

B) Actitude e interese (20%):

- Valoración da participación na aula e nas actividades do departamento: audicións, concertos, traballo teórico, etc. (10%).**
- Interese fronte a asignatura. (5%).**
- Actitude respecto ao aprendizaxe. (5%).**

- **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O alumno/a que teña demostrado un nivel suficiente para superar os contidos e obxectivos do curso actual en decembro, e demostre ter sobradas posibilidades de superar os contidos e obxectivos previstos para o curso seguinte poderá ampliar matrícula segundo as normas previstas no centro para elo.

As ampliacións de matrícula teñen que ser solicitadas polo alumno na Secretaría do Centro antes do 30 de Novembro.

- **Medidas de recuperación**

Procedementos de recuperación ordinarios

Os sucesivos contidos asimilados, iranse integrando progresivamente aos xa estudados, de xeito acumulativo ao longo do proceso educativo. Non obstante, certos contidos non asimilados poderán requirir actividades de reforzo e a realización de probas de recuperación dos mesmos.

Estas poderanse realizar durante o mesmo ou nos seguintes trimestres, dependendo do grao de non consecución dos obxectivos, tanto por medio de intervencións en clase, observación directa, traballo/s teóricos... ou calquera outra actividade alternativa que considere oportuna a profesora, como por medio da realización dun exame que poderá abarcar tanto lectura de textos, tradución e transición fonética, como contidos gramaticais e morfosintácticos.

No caso daqueles alumnos que non superaran o Terceiro Trimestre, terán a posibilidade de realizar a Proba Extraordinaria de xuño.

Convocatoria extraordinaria

Para o alumnado que non superase o curso na convocatoria ordinaria, a proba extraordinaria consistirá na lectura e tradución dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto.

Asimesmo deberán facer unha proba teórica consistente en exercicios onde demostren os seus coñecementos gramaticais, así como entregar as transcripcións fonéticas e traducións das obras de todo o repertorio do curso.

Os criterios de avaliación serán os mesmos que correspondan ó curso académico do que se examine.

6.1.4 Recursos didácticos

Será necesario dispor dun aula con encerado ou pizarra branca así como un aparato de reprodución de vídeo e audio.

Os libros de texto a modo orientativo son os seguintes:

L'italiano all'opera: attività linguistiche attraverso 15 arie famose

Carresi, Serena e Chiarenza, Sara e Frollano.

Editorial BONACCI 1998

I verbi italiani. Grammatica, esercizi e giochi

Sonia Baillini

Editorial Alma.

Calquera gramática e dicionario dos editados para uso escolar.

Partituras e obras traballadas ou por traballar polos alumnos/as durante o curso académico na asignatura de Canto.

Óperas representativas de diferentes períodos en italiano en calquera formato de vídeo para o seu visionado na aula.

6.2 Curso: 2º

6.2.1 Obxectivos

- Demostrar un dominio suficiente da fonética do italiano, tanto na emisión de textos orais como na transcripción fonética.
- Adquirir un nivel básico gramatical para poder ler, traducir e interpretar textos ou cancións do seu repertorio.
- escoitar fragmentos musicais en italiano tendo en conta as pequenas variacións que algunhas veces é necesario facer na pronunciación no momento de cantar.
- Ver ou escoitar pezas líricas enteiras ó longo do curso en calquera formato, explicando previamente os personaxes que interveñen e o argumento, así coma traballar a lectura e tradución de pequenos fragmentos do mesmo.

6.2.2 Contidos

Os contidos entorno os cales se planificará a clase de Lingua Italiana para cumprir os obxectivos propostos serán os seguintes:

A) Sistema fonético e gráfico.

- Fonética e fonoloxía da lingua italiana.
- Alfabeto Fonético Internacional (AFI-IPA).

B) Iniciación á gramática e morfosintaxis.

As preposicións.

- Verbos irregulares mais importantes: essere e avere.
- As conxugacións verbais básicas dos verbos regulares.
- A formación do participio.

C) Estudio do léxico, das funcións e dos actos comunicativos.

- Vocabulario básico: cores, números, nomes de parentesco, etc.
- Vocabulario musical en italiano.

D) Interpretación de textos cantados.

- Lectura, tradución e interpretación das partituras dos seus repertorios de canto e doutras cancións italianas.

6.2.3 Avaliación

• Criterios de avaliación

- Emitir correctamente breves contidos orais en italiano.
- Ler de xeito autónomo un texto literario musical en italiano.
- Memorizar textos breves pertencentes a obras musicais.
- Transcribir e comentar gramatical e fonéticamente textos de partituras estudadas.
- Cantar de memoria pronunciando axeitadamente o texto das partituras do repertorio do alumnado.
- Demostrar unha comprensión suficiente do contexto histórico musical e literario das pezas así coma o carácter e importancia dramática dos personaxes.

• Mínimos esixibles

1º TRIMESTRE:

- Demostrar o dominio das regras fonéticas e fonolóxicas da lingua italiana.
- Demostrar o manexo dos conceptos básicos gramaticais correspondentes ó trimestre, mediante a realización de exercicios.



- Ser capaz de ler cunha pronunciación correcta textos sinxelos de diversos xéneros en italiano.
- Entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 1º trimestre.

2º TRIMESTRE

- Mostrar dominio progresivo na emisión correcta de diversos contidos orais na lingua italiana.
- Recoñecer e diferenciar auditivamente os fonemas.
- Mostrar progreso na aplicación da fonética cantada no repertorio de Canto.
- Demostrar o manexo dos conceptos básicos gramaticais correspondentes ó trimestre, mediante a realización de exercicios.
- Entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 2º trimestre.

3º TRIMESTRE:

- Mostrar o dominio na lectura dun texto literario musical en italiano de xeito autónomo.
 - Demostrar o manexo dos conceptos básicos gramaticais correspondentes ó trimestre, mediante a realización de exercicios
 - Entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 3º trimestre.
 - **Procedementos e ferramentas de avaliación**
- Unha Avaliación Inicial ou de "diagnóstico" ao comezar o curso, coa que o profesor poderá avaliar o punto de partida a principios do curso. Este

proceso comprenderá as accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.

- Avaliación Continua, que realizará o profesor mediante anotacións e observacións no Caderno do Alumno. Tamén serán avaliadas as actuacións individuais e colectivas en Audicións e Concertos públicos, con respecto aos contidos desta materia. A avaliación continua, realizará a profesora mediante anotacións e observacións no caderno do alumno, que reflexen o aproveitamento do traballado na clase, mediante as actividades que se fagan na mesma, así como a interacción co profesorado implicado
- Avaliación Final, que conterá todas as anteriores, e medirá o nivel de consecución dos obxectivos do curso, o nivel de progreso e adicación do alumno e o nivel dos resultados obtidos.

- **Criterios de cualificación**

A través de probas escritas e orais, cualificarase en base aos seguinte parámetros, de 1 a 10:

- Coñecemento da fonética do idioma, recoñecemento dos símbolos fonéticos e reprodución dos sons correspondentes, transcripción fonética de textos no idioma a traballar.
- Lectura dramatizada de textos no idioma correspondente coa fonética e entonación axeitada, tradución libre de pequenos fragmentos, reprodución de memoria de textos musicáis no idioma correspondente.
- Contidos gramaticáis: dominio dos conceptos básicos e capacidade para solucionar exercicios sinxelos de contido gramatical.
- Actitude fronte a materia: interese na asignatura, actitude fronte ao aprendizaxe, (nivel de atención, concentración e colaboración na aula,



grao de interese, implicación, etc.). Calidade dos exercicios e participación nas actividades do departamento.

A cualificación final ponderarase deste xeito:

A) Valoración dos contidos específicos fonéticos e gramaticais do curso: (80%).

- a. Fonética, transcrición, lectura e tradución: 60%
- b. Gramática: 20%

B) Actitude e interese (20%):

- c. Valoración da participación na aula e nos exercicios propostos: (10%).
- d. Interese fronte a asignatura. (5%).
- e. Actitude respecto ao apredizaxe. (5%).

- **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O alumno que teña demostrado un nivel suficiente coma para superar os contidos e obxectivos do curso actual en decembro, e demostre ter sobradas posibilidades de superar os contidos e obxectivos previstos para o curso seguinte poderá ampliar matrícula segundo as normas previstas no centro a tal fin.

As ampliacións de matrícula teñen que ser solicitadas polo alumno na Secretaría do Centro antes do 30 de Novembro.

- **Medidas de recuperación**

Procedementos de recuperación ordinarios

Os sucesivos contidos asimilados, iranse integrando progresivamente ós xa estudados, de xeito acumulativo ó longo do proceso educativo. Non obstante, certos contidos non asimilados poderán requirir actividades de reforzo e a realización de probas de recuperación dos mesmos.

Estas poderanse realizar durante o mesmo ou nos seguintes Trimestres, dependendo do grao de non consecución dos obxectivos, tanto por medio de intervencións en clase, observación directa, traballo/s teóricos... ou calquera outra actividade alternativa que considere oportuna o Profesor, coma por medio da realización dun exame que poderá abarcar tanto lectura de textos, tradución e transcrición fonética, como contidos gramaticais e morfosintácticos.

No caso daqueles alumnos que non superaran o terceiro trimestre, terán a posibilidade de realizar a Proba Extraordinaria de xuño.

Convocatoria extraordinaria

Para o alumnado que non superase o curso na convocatoria ordinaria, a proba extraordinaria consistirá na lectura e tradución dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto.

Asimesmo deberán facer unha proba teórica consistente en exercicios onde demostren os seus coñecementos gramaticais, así como entregar as transcricións fonéticas e traducións das obras de todo o repertorio do curso.

Os criterios de avaliación serán os mesmos que correspondan ó curso académico do que se examine.

6.2.5 Recursos didácticos

Será necesario dispor dun aula con encerado ou pizarra branca así coma aparato de reprodución de vídeo e audio.

Os libros de texto a modo orientativo os seguintes:

L 'italiano all' opera: attività liguistique attraverso 15 arie famose

Carresi, Serena e Chiarenza, Sara e Frollano.

Editorial BONACCI 1998

I verbi italiani. Grammatica, esercizi e giochi

Sonia Baillini

Editorial Alma

Calquera gramática e dicionario dos editados para uso escolar.

Partituras e obras traballadas ou por traballar polos alumnos/as durante o curso académico na asinatura de Canto.

Óperas representativas de diferentes períodos en italiano en calquera formato de vídeo para o seu visioado na aula.

6.3 Curso: 3º

6.3.1 Obxectivos

- Coñecer os aspectos culturais do ámbito xeográfico da lingua alemá.
- Proporcionar os alumnos información sobre as características fonéticas, estruturais e normas de interacción comunicativa que condicionan o uso da lingua.
- Dominar o vocabulario suficiente para desenvolverse en contextos comunicativos sinxelos.
- Adquirir un nivel básico gramatical para poder ler, traducir e interpretar textos ou cancións do seu repertorio.

- escoitar fragmentos musicais en alemán tendo en conta as pequenas variacións que algunhas veces é necesario facer na pronunciación no momento de cantar.
- Ver ou escoitar pezas líricas ó longo do curso en calquera formato, explicando previamente os contidos literarios, así coma traballar a lectura e tradución de pequenos fragmentos do mesmo.

6.3.2 Contidos

Os contidos entorno aos que se planificará a clase de Lingua alemá para cumprir os obxectivos propostos serán os seguintes:

A) Acercamento a súa lingua e cultura.

Alemán, lingua xermánica , o Alemán no seu contexto.

- Características xerais da lingua alemá en comparación con outras linguas e co español.

B) Sistema fonético e gráfico.

- As Vocais.
- Os diptongos.
- O Umlaut.
- As Consoantes simples, as dobres consoantes e os clústeres consoánticos.

C) Iniciación á gramática e morfosintaxes.

O sustantivo: xénero, número, caso.

- O adxectivo.
- Os artigos definidos e indefinidos.
- Os pronomes persoais.

Páx **23** de 52

D) Interpretación de textos cantados.

- Lectura, tradución e interpretación das partituras dos seus repertorios de canto e doutras cancións en alemán.
- Estudo da historia da música vocal en alemán, incluíndo audicións e versións comparadas.

6.3.3 Avaliación

• Criterios de avaliación

- Emitir correctamente breves contidos orais na lingua alemá.
- Ler de xeito autónomo un texto literario musical na lingua estudiada.
- Memorizar textos breves pertencentes a obras musicais.
- Transcribir e comentar gramatical e fonéticamente textos de partituras estudadas.
- Demostrar coñecementos gramaticais básicos.
- Cantar de memoria pronunciando axeitadamente o texto das partituras do repertorio do alumnado.

• Mínimos esixibles

1º TRIMESTRE:

- Coñecer as regras fonéticas e fonolóxicas da lingua xermana.
- Ser capaz de ler cunha pronunciación correcta textos sinxelos de diversos xéneros en alemán.
- Entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 1º trimestre.

2º TRIMESTRE:

- Mostrar dominio progresivo na emisión correcta de diversos contidos orais na lingua xermana e italiana.
- Recoñecer e diferenciar auditivamente os fonemas.
- Mostar progreso na aplicación da fonética cantada no repertorio de Canto.
- Entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 2º trimestre.

3º TRIMESTRE:

- Mostar o dominio na lectura dun texto literario musical en alemán de xeito autónomo.
- Ser capaz de resolver sinxelos exercicios gramaticais.
- Entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 3º trimestre.

• Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación Inicial ou de "diagnóstico" ao comezar o curso, coa que o profesor poderá avaliar o punto de partida a principios do curso. Este proceso comprenderá as accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
- A Avaliación Continua, que realizará o profesor mediante anotacións e observacións no Caderno do Alumno. O control das faltas de asistencia ás clases formará parte de dita avaliación. Tamén serán avaliadas as actuacións individuais e colectivas en audicións e concertos públicos, con respecto aos contidos desta materia. A avaliación continua, realizará a profesora mediante anotacións e observacións no caderno do alumno, que reflexen o aproveitamento do traballado na clase, mediante as actividades que se fagan na mesma, así como a interacción co profesorado implicado

- Avaliación Final, que conterá todas as anteriores, e medirá o nivel de consecución dos obxectivos do curso, o nivel de progreso e adicación do alumno e o nivel dos resultados obtidos.

- **Criterios de cualificación**

A través de probas escritas e orais, cualificarase en base aos seguinte parámetros, de 1 a 10:

- Coñecemento da fonética do idioma, recoñecemento dos símbolos fonéticos e reprodución dos sons correspondentes, transcripción fonética de textos no idioma a traballar.
- Lectura dramatizada de textos no idioma correspondente coa fonética e entonación axeitada, tradución libre de pequenos fragmentos, reprodución de memoria de textos musicáis no idioma correspondente.
- Contidos gramaticáis: dominio dos conceptos básicos e capacidade para solucionar exercicios sinxelos de contido gramatical.
- Actitude fronte a materia: interese na asignatura, actitude fronte ao aprendizaxe, (nivel de atención, concentración e colaboración na aula, grao de interese, implicación, etc.). Calidade dos exercicios e participación nas actividades do departamento.

A cualificación final ponderarase deste xeito:

A) Valoración dos contidos específicos fonéticos e gramaticáis do curso: (80%).

a. Fonética, trascrición, lectura e tradución: 60%

b. Gramática: 20%

B) Actitude e interese (20%):



- c. **Valoración da participación na aula e nos exercicios propostos: (10%).**
- d. **Interese fronte a asignatura. (5%).**
- e. **Actitude respecto ao apredizaxe. (5%).**

- **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O alumno que teña demostrado un nivel suficiente coma para superar os contidos e obxectivos do curso actual en decembro, e demostre ter sobradas posibilidades de superar os contidos e obxectivos previstos para o curso seguinte poderá ampliar matrícula segundo as normas previstas no centro para elo.

As ampliacións de matrícula teñen que ser solicitadas polo alumno na Secretaría do Centro antes do 30 de Novembro.

- **Medidas de recuperación**

Procedementos de recuperación ordinarios

O exame dos alumnos que non aprobaron algún trimestre terán que realizar un exame consistente na lectura e tradución libre con dicionario, dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto.

Ademais, deberán entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto dese trimestre.

Asimesmo deberán facer unha proba teórica consistente en exercicios onde demostren os seus coñecementos gramaticais.

Convocatoria extraordinaria

Para o alumnado que non superase o curso na convocatoria ordinaria, a proba extraordinaria consistirá na lectura e tradución dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto.

Deberán facer unha proba teórica consistente en exercicios onde demostren os seus coñecementos gramaticais, ademais de entregar as transcricións fonéticas e traducións das obras de todo o repertorio do curso.

Os criterios de avaliación serán os mesmos que correspondan ó curso académico do que se examine.

6.3.4 Recursos didácticos

Será necesario dispor dun aula con encerado ou pizarra branca así coma aparato de reprodución de vídeo e audio.

Coma libros de texto empregaranse a modo orientativo os seguintes:

Themen Neu/Themen Aktuell 1

Ed. Hueber

Calquera gramática e dicionario dos editados para uso escolar.

Partituras e obras traballadas ou por traballar polos alumnos/as durante o curso académico na asignatura de Canto.

Óperas, Lieder, Oratorios, Singspiele representativos de diferentes períodos en alemán en calquera formato de vídeo para o seu visionado na aula.

6.4 Curso: 4º

6.4.1 Obxectivos

- Proporcionar os alumnos información sobre as características fonéticas, estruturais e normas de interacción comunicativa que condicionan o uso da lingua.
- Dominar o vocabulario suficiente para desenvolverse en contextos comunicativos sinxelos.
- Adquirir un nivel básico gramatical para poder ler, traducir e interpretar textos ou cancións do seu repertorio.
- escoitar fragmentos musicais en alemán tendo en conta as pequenas variacións que algunhas veces é necesario facer na pronunciación no momento de cantar.
- Ver ou escoitar pezas líricas ó longo do curso en calquera formato, explicando previamente os contidos literarios, así coma traballar a lectura e tradución de pequenos fragmentos do mesmo.

6.4.2 Contidos

Os contidos entorno os cales se planificará a clase de Lingua alemá para cumprir os obxectivos propostos serán os seguintes:

- **Acercamento a súa lingua e cultura**
- O ámbito xeográfico da lingua alemá.
- Os diferentes niveis da lingua: o Hochdeutsch.
- O Bühnendeutsch.
- **Sistema fonético e gráfico.**
- As Vocais. O golpe glótico no alemán.
- Os diptongos.
- O Umlaut.



- As Consoantes simples, as dobres consoantes e os clústeres consoánticos.
- **Iniciación á gramática e morfosintaxes.**
- Verbos mais importantes: haben und sein
- substantivo, xénero, número, caso.
- adxectivo.
- artigo definido e indefinido
- As preposicións
- As conxugacións verbais: os verbos separables
- Os pronomes persoais

A. Estudio do léxico, das funcións e dos actos comunicativos.

- Vocabulario básico: cores, números, nomes de parentesco, etc.
- Vocabulario musical en alemán.

B. Interpretación de textos cantados

- Lectura, tradución e interpretación das partituras dos seus repertorios de canto e doutras cancións en alemán.
- Estudo da historia da música vocal en alemán, incluíndo audicións e versións comparadas.

6.4.3 Avaliación

• Criterios de avaliación

- Emitir correctamente breves contados orais en alemán.
- Ler de xeito autónomo un texto literario musical en lingua alemá.
- Ler de forma correcta textos transcritos fonéticamente na lingua alemá.

- Transcribir e comentar gramatical e fonéticamente textos de partituras estudadas.
- Dominar principios básicos de gramática.
- Cantar de memoria pronunciando axeitadamente o texto das partituras do repertorio do alumnado.

- **Mínimos esixibles**

1º TRIMESTRE:

- Dominar as regras fonéticas e fonolóxicas da lingua xermana.
- Ser capaz de ler de xeito fluído e expresivo diversos textos da literatura musical en alemán.
- Entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 1º trimestre.

2ºTRIMESTRE:

- Mostrar dominio na declamación expresiva e de memoria dos textos musicais do repertorio do alumno/a.
- Ser capaz de transcribir e analizar fonética e fonolóxicamente diversos textos da literatura musical no idioma alemán.
- Demostrar coñecementos básicos de gramática xermana a través de exercicios.
- Entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 2º trimestre.

3º TRIMESTRE:

- Coñecer e saber analizar a evolución no tratamento dos textos ao longo da historia da música vocal alemá.
- Demostrar coñecementos básicos de gramática xermana a través de exercicios.

- Entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 3º trimestre.

- **Procedementos e ferramentas de avaliación**

- Avaliación Inicial ou de "diagnóstico" ao comezar o curso, coa que o profesor poderá avaliar o punto de partida a principios do curso. Este proceso comprenderá as accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
- Avaliación Continua, que realizará o profesor mediante anotacións e observacións no Caderno do Alumno. O control das faltas de asistencia ás clases formará parte de dita avaliación. Tamén serán avaliadas as actuacións individuais e colectivas en Audicións e Concertos públicos, con respecto aos contidos desta materia. A avaliación continua, realizará a profesora mediante anotacións e observacións no caderno do alumno, que reflexen o aproveitamento do traballado na clase, mediante as actividades que se fagan na mesma, así como a interacción co profesorado implicado
- Avaliación Final, que conterà todas as anteriores, e medirá o nivel de consecución dos obxectivos do curso, o nivel de progreso e adicación do alumno e o nivel dos resultados obtidos.

- **Criterios de cualificación**

A través de probas escritas e orais, cualificarase en base aos seguinte parámetros, de 1 a 10:

- Coñecemento da fonética do idioma, recoñecemento dos símbolos fonéticos e reprodución dos sons correspondentes, transcripción fonética de textos no idioma a traballar.

- Lectura dramatizada de textos no idioma correspondente coa fonética e entonación axeitada, tradución libre de pequenos fragmentos, reprodución de memoria de textos musicais no idioma correspondente.
- Contidos gramaticais: dominio dos conceptos básicos e capacidade para solucionar exercicios sinxelos de contido gramatical.
- Actitude fronte a materia: interese na asignatura, actitude fronte ao aprendizaxe, (nivel de atención, concentración e colaboración na aula, grao de interese, implicación, etc.). Calidade dos exercicios e participación nas actividades do departamento.

A cualificación final ponderarase deste xeito:

A) Valoración dos contidos específicos fonéticos e gramaticais do curso: (80%).

- a. Fonética, transcrición, lectura e tradución: 60%**
- b. Gramática: 20%**

B) Actitude e interese (20%):

- c. Valoración da participación na aula e nos exercicios propostos: (10%).**
- d. Interese fronte a asignatura. (5%).**
- e. Actitude respecto ao aprendizaxe. (5%).**

- **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O alumno que teña demostrado un nivel suficiente coma para superar os contidos e obxectivos do curso actual en decembro, e demostre ter sobradas posibilidades de superar os contidos e obxectivos previstos para o curso seguinte poderá ampliar matrícula segundo as normas previstas no centro para elo.

As ampliacións de matrícula teñen que ser solicitadas polo alumno na Secretaría do Centro antes do 30 de Novembro.

- **Medidas de recuperación**

Procedementos de recuperación ordinarios

O exame dos alumnos que non aprobaron algún trimestre consistirá na lectura e tradución libre con dicionario dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto.

Ademais, deberán entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto dese trimestre.

Deberán facer unha proba teórica consistente en exercicios onde demostren os seus coñecementos gramaticais, así como entregar as transcripcións fonéticas e traducións das obras de todo o repertorio do curso.

Convocatoria extraordinaria

Para o alumnado que non superase o curso na convocatoria ordinaria, a proba extraordinaria consistirá na lectura e tradución dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto

Asimesmo deberán facer unha proba teórica consistente en exercicios onde demostren os seus coñecementos gramaticais, así como entregar as transcripcións fonéticas e traducións das obras de todo o repertorio do curso.

Os criterios de avaliación serán os mesmos que correspondan ó curso académico do que se examine.

6.4.4 Recursos didácticos

Será necesario dispor dun aula con encerado ou pizarra branca así coma aparato de reprodución de vídeo e audio.

Coma libros de texto empregaranse a modo orientativo os seguintes:

Themen Neu/Themen Aktuell 1

Ed. Hueber

Calquera gramática e dicionario dos editados para uso escolar.

Partituras e obras traballadas ou por traballar polos alumnos/as durante o curso académico na asignatura de Canto.

Óperas, Lied, Oratorio representativas de diferentes períodos en alemán en calquera formato de vídeo para o seu visionado na aula.

6.5 Curso: 5º

6.5.1 Obxectivos

- Coñecer os aspectos culturais do ámbito xeográfico do idioma.
- Proporcionar os alumnos información sobre as características fonéticas, estruturais e normas de interacción comunicativa que condicionan o uso da lingua.
- Dominar o vocabulario suficiente para desenvolverse en contextos comunicativos sinxelos.
- Adquirir un nivel básico gramatical para poder ler, traducir e interpretar textos ou cancións do seu repertorio.

- escoitar fragmentos musicais en inglés e francés tendo en conta as pequenas variacións que algunhas veces é necesario facer na pronunciación no momento de cantar.
- Ver ou escoitar pezas líricas en lingua inglesa e francesa ó longo do curso en calquera soporte, explicando previamente os personaxes que interveñen, o argumento ou o contexto literario, así coma traballar a lectura e tradución de pequenos fragmentos do mesmo.
- Estudo da historia da música vocal en inglés e francés, incluíndo audicións e versións comparadas.

6.5.2 Contidos

Os contidos entorno os cales se planificará a clase de Lingua inglesa e francesa para cumprir os obxectivos propostos serán os seguintes:

- **Acercamento a súa lingua e cultura.**
- inglés, lingua xermánica; o francés, lingua románica.
- Características xerais das linguas inglesa e francesa en comparación con outras linguas e co español.
- inglés e o francés no seu contexto.

A. Sistema fonético e gráfico.

- O alfabeto.
- As vocais en inglés e en francés. A schwa e o “e” caduco.
- As consoantes en inglés e en francés. A aspiración das consoantes inglesas. As consoantes non pronunciadas do francés.
- Os diptongos da lingua inglesa.
- A acentuación no francés, o fenómeno da desacentuación.
- A Liaison e os encadeamentos vocálico e consoántico.
- **Iniciación á gramática e morfosintaxes**



- substantivo, xénero, número.
- adxectivo.
- artigo definido e indefinido.
- Os pronomes persoais.

B. Estudio do léxico, das funcións e dos actos comunicativos

- Vocabulario básico: cores, números, nomes de parentesco, etc.
- Vocabulario musical en inglés e en francés.

E) Interpretación de textos cantados.

Lectura, tradución e interpretación das partituras dos seus repertorios de canto e doutras cancións en inglés e francés.

6.5.3 Avaliación

- **Criterios de avaliación**

- Emitir correctamente breves contados orais na lingua estudiada.
- Ler de xeito autónomo un texto literario musical na lingua estudiada e textos transcritos fonéticamente.
- Memorizar textos breves pertencentes a obras musicais.
- Transcribir e comentar gramatical e fonéticamente textos de partituras estudadas.
- Cantar de memoria pronunciando axeitadamente o texto das partituras do repertorio do alumnado.

- **Mínimos esixibles**

1º TRIMESTRE:



- Demostrar o coñecemento das regras fonéticas e fonolóxicas das linguas francesa, e inglesa.
- Ser capaz de ler cunha pronunciación correcta textos sinxelos de diversos xéneros en todos os idiomas traballados.
- Entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 1º trimestre.

2º TRIMESTRE

- Mostrar dominio progresivo na emisión correcta de diversos contidos orais nas linguas francesa e inglesa.
- Recoñecer e diferenciar auditivamente os fonemas.
- Mostar progreso nos coñecementos gramaticais e na aplicación da fonética cantada no repertorio de canto.
- Entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 2º trimestre.

3º TRIMESTRE:

- Mostar o dominio na lectura de textos literarios musicais en francés e inglés de xeito autónomo.
- Ser capaz de comprender e reproducir mensaxes orais e escritos nas linguas traballadas.
- Entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 3º trimestre.

- **Procedementos e ferramentas de avaliación**

- Unha Avaliación Inicial ou de "diagnóstico" ao comezar o curso, coa que o profesor poderá avaliar o punto de partida a principios do curso. Este proceso comprenderá as accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.

- A Avaliación Continua, que realizará o profesor mediante anotacións e observacións no Caderno do Alumno. Tamén serán avaliadas as actuacións individuais e colectivas en Audicións e Concertos públicos, con respecto aos contidos desta materia. A avaliación continua, realizará a profesora mediante anotacións e observacións no caderno do alumno, que reflexen o aproveitamento do traballado na clase, mediante as actividades que se fagan na mesma, así como a interacción co profesorado implicado

- Avaliación Final, que conterá todas as anteriores, e medirá o nivel de consecución dos obxectivos do curso, o nivel de progreso e adicación do alumno e o nivel dos resultados obtidos.

- **Criterios de cualificación**

A través de probas escritas e orais, cualificarase en base aos seguinte parámetros, de 1 a 10:

- Coñecemento da fonética do idioma, recoñecemento dos símbolos fonéticos e reprodución dos sons correspondentes, transcripción fonética de textos no idioma a traballar.
- Lectura dramatizada de textos no idioma correspondente coa fonética e entonación axeitada, tradución libre de pequenos fragmentos, reprodución de memoria de textos musicáis no idioma correspondente.
- Contidos gramaticáis: dominio dos conceptos básicos e capacidade para solucionar exercicios sinxelos de contido gramatical.
- Actitude fronte a materia: interese na asignatura, actitude fronte ao aprendizaxe, (nivel de atención, concentración e colaboración na aula, grao de interese, implicación, etc.). Calidade dos exercicios e participación nas actividades do departamento.

A cualificación final ponderarase deste xeito:

A) Valoración dos contidos específicos fonéticos e gramaticais do curso: (80%).

- a. Fonética, transcrición, lectura e tradución: 60%**
- b. Gramática: 20%**

B) Actitude e interese (20%):

- c. Valoración da participación na aula e nos exercicios propostos: (10%).**
- d. Interese fronte a asignatura. (5%).**
- e. Actitude respecto ao apredizaxe. (5%).**

- **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O alumno que teña demostrado un nivel suficiente coma para superar os contidos e obxectivos do curso actual en decembro, e demostre ter sobradas posibilidades de superar os contidos e obxectivos previstos para o curso seguinte poderá ampliar matrícula segundo as normas previstas no centro para elo.

As ampliacións de matrícula teñen que ser solicitadas polo alumno na Secretaría do Centro antes do 30 de Novembro.

- **Medidas de recuperación**

Procedementos de recuperación ordinarios

O exame dos alumnos que non aprobaron algún trimestre terán que realizar un exame consistente na lectura e tradución libre con dicionario dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto.

Ademais, deberán entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto dese trimestre.

Asimesmo deberán facer unha proba teórica consistente en exercicios onde demostren os seus coñecementos gramaticais, así como entregar as transcripcións fonéticas e traducións das obras de todo o repertorio do curso.

Convocatoria extraordinaria

Para o alumnado que non superase o curso na convocatoria ordinaria, a proba extraordinaria consistirá na lectura e tradución dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto.

Asimesmo deberán facer unha proba teórica consistente en exercicios onde demostren os seus coñecementos gramaticais, así como entregar as transcripcións fonéticas e traducións das obras de todo o repertorio do curso.

Os criterios de avaliación serán os mesmos que correspondan ó curso académico do que se examine.

6.5.4 Recursos didácticos

Modelo. Programación. MD.75.PRO.01. Ver. 01

Será necesario dispor dun aula con encerado ou pizarra branca así coma aparato de reprodución de vídeo e audio.

Coma libros de texto empregaranse a modo orientativo os seguintes:

Phonétique progressive du Française niveau debutant

Ed. Cle International.

Fonética y Fonología inglesa para hispanohablantes

Madeleine Parkinson de Saz

Ed. Empeño 14

Calquera gramática e dicionario dos editados para uso escolar.

Partituras e obras traballadas ou por traballar polos alumnos/as durante o curso académico na asignatura de Canto.

Óperas, Chanson, Oratorio, etc. representativas de diferentes períodos en inglés e francés en calquera formato de vídeo para o seu visionado na aula.

6.6 Curso: 6º

6.6.1 Obxectivos

- Coñecer os aspectos culturais do ámbito xeográfico do idioma.
- Proporcionar os alumnos información sobre as características fonéticas, estruturais e normas de interacción comunicativa que condicionan o uso da lingua.
- Dominar o vocabulario suficiente para desenvolverse en contextos comunicativos sinxelos.
- Adquirir un nivel básico gramatical para poder ler, traducir e interpretar textos ou cancións do seu repertorio.
- escoitar fragmentos musicais en inglés e francés tendo en conta as pequenas variacións que algunhas veces é necesario facer na pronunciación no momento de cantar.
- Ver algunhas óperas enteiras o largo do curso en dvd, explicando previamente os personaxes que interveñen e o argumento, así coma traballar a lectura e tradución de pequenos fragmentos do mesmo.

6.6.2 Contidos

Os contidos entorno os cales se planificará a clase de Lingua inglesa e francesa para cumprir os obxectivos propostos serán os seguintes:

A. Acercamento a súa lingua e cultura.

- inglés e o francés, niveis e usos da lingua, contexto histórico.
- Características xerais das linguas inglesa e francesa no contexto musical.

B. Sistema fonético e gráfico.

- As vocais en inglés e en francés, a súa aplicación ao canto.
- As consoantes en inglés e en francés. A aspiración das consoantes inglesas. As consoantes non pronunciadas do francés.
- Os ditongos da lingua inglesa.
- A pronuncia do e elíptico no francés poético e no francés cantado.

C. Iniciación á gramática e morfosintaxes.

Verbos mais importantes.

- substantivo, xénero, número.
- adxectivo.
- artigo definido e indefinido.
- As preposicións.
- As conxugacións verbais.
- Os pronomes persoais.

A. Estudio do léxico, das funcións e dos actos comunicativos.

- Vocabulario básico: cores, números, nomes de parentesco, etc.
- Vocabulario musical en inglés e en francés.

B. Interpretación de textos cantados.

- Lectura, tradución e interpretación das partituras dos seus repertorios de canto e doutras pezas en inglés e Francés.

- **6.6.3 Avaliación**

Criterios de avaliación

- Emitir correctamente breves cantados orais na lingua estudada.
- Ler de xeito autónomo un texto literario musical na lingua estudada.
- Memorizar textos breves pertencentes a obras musicais.
- Transcribir e comentar gramatical e fonéticamente textos de partituras estudadas.
- Cantar de memoria pronunciando axeitadamente o texto das partituras do repertorio do alumnado.



- **Mínimos esixibles**

1º TRIMESTRE:

- Dominar as regras fonéticas e fonolóxicas das linguas inglesa, italiana, xermana e francesa.
- Ser capaz de ler de xeito fluído e expresivo diversos textos da literatura musical nos idiomas traballados.
- Entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 1º trimestre.

2º TRIMESTRE:

- Mostrar dominio na declamación expresiva e de memoria dos textos musicais do repertorio do alumno.
- Ser capaz de transcribir e analizar fonética e fonolóxicamente diversos textos da literatura musical inglesa.
- Entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 2º trimestre.

3º TRIMESTRE:

- Coñecer e saber analizar a evolución no tratamento dos textos ao longo da historia da música vocal inglesa.
- Entregar a transcripción fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto correspondentes ao 3º trimestre.

- **Procedementos e ferramentas de avaliación**

- Unha Avaliación Inicial ou de "diagnóstico" ao comezar o curso, coa que o profesor poderá avaliar o punto de partida a principios do curso. Este proceso comprenderá as accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.

- A Avaliación Continua, que realizará o profesor mediante anotacións e observacións no Caderno do Alumno. Tamén serán avaliadas as actuacións individuais e colectivas en Audicións e Concertos públicos, con respecto aos contidos desta materia. A avaliación continua, realizará a profesora mediante anotacións e observacións no caderno do alumno, que reflexen o aproveitamento do traballado na clase, mediante as actividades que se fagan na mesma, así como a interacción co profesorado implicado.
- Avaliación Final, que conterá todas as anteriores, e medirá o nivel de consecución dos obxectivos do curso, o nivel de progreso e adicación do alumno e o nivel dos resultados obtidos.

- **• Criterios de cualificación**

A través de probas escritas e orais, cualificarase en base aos seguinte parámetros, de 1 a 10:

- Coñecemento da fonética do idioma, recoñecemento dos símbolos fonéticos e reprodución dos sons correspondentes, transcripción fonética de textos no idioma a traballar.
- Lectura dramatizada de textos no idioma correspondente coa fonética e entonación axeitada, tradución libre de pequenos fragmentos, reprodución de memoria de textos musicáis no idioma correspondente.
- Contidos gramaticáis: dominio dos conceptos básicos e capacidade para solucionar exercicios sinxelos de contido gramatical.
- Actitude fronte a materia: interese na asignatura, actitude fronte ao aprendizaxe, (nivel de atención, concentración e colaboración na aula, grao de interese, implicación, etc.). Calidade dos exercicios e participación nas actividades do departamento.

A cualificación final ponderarase deste xeito:

A) Valoración dos contidos específicos fonéticos e gramaticais do curso: (80%).

a. **Fonética, transcrición, lectura e tradución: 60%**

b. **Gramática: 20%**

B) Actitude e interese (20%):

c. **Valoración da participación na aula e nos exercicios propostos: (10%).**

d. **Interese fronte a asignatura. (5%).**

e. **Actitude respecto ao apredizaxe. (5%).**

- **Medidas de recuperación**

Procedementos de recuperación ordinarios

O examen dos alumnos que non puideron ser avaliados de xeito continuo nun trimestre terán que realizar un exame consistente na lectura e tradución libre con dicionario dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto.

Ademais, deberán entregar a transcrición fonética e tradución libre das obras do repertorio de canto dese trimestre.

Asimesmo deberán facer unha proba teórica consistente en exercicios onde demostren os seus coñecementos gramaticais, así como entregar as transcricións fonéticas e traducións das obras de todo o repertorio do curso.

Convocatoria extraordinaria

O exame para os alumnos que non superaron o curso en maio consistirá na lectura e tradución dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto.

Asimesmo deberán facer unha proba teórica consistente en exercicios onde demostren os seus coñecementos gramaticais, así como entregar as transcripcions fonéticas e traduccions das obras de todo o repertorio do curso.

Os criterios de avaliación serán os mesmos que correspondan ó curso académico do que se examine.

6.6.4 Recursos didácticos

Será necesario dispor dun aula con encerado ou pizarra branca así coma aparato de reprodución de vídeo e audio.

Coma libros de texto empregaranse a modo orientativo os seguintes:

Phonetique progressive du Française niveau debutant

Ed. Cle International.

Fonética y Fonología inglesa para hispanohablantes

Madeleine Parkinson de Saz

Ed. Empeño 14

Calquera gramática e dicionario dos editados para uso escolar.

Partituras e obras traballadas ou por traballar polos alumnos/as durante o curso académico na asignatura de Canto.



Óperas, Lied, Oratorio representativas de diferentes períodos en francés e inglés en calquera formato de vídeo para o seu visionado na aula.

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento da programación así os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo adicado ao instrumento, condicións, talento, capacidades, etc.

Os profesores informarán aos alumnos e aos seus pais, de ser o caso, do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Asemade, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc. Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia do instrumento, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interese no estudo do instrumento, etc.

Comentaranse regularmente as audicións realizadas polos alumnos, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á Comisión de Coordinación

Pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc... En definitiva, os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.

ANEXOS

PROBAS DE ACCESO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN da proba de Idiomas Canto.

Na proba de Idiomas valorarase sobre todo os aspectos fonéticos básicos da lingua:

Pronunciación. Avaliarase a correcta pronunciación da lingua correspondente.

Entoación. Avaliaranse a entoación correcta do discurso conforme o sentido do texto.

Fluidez. Avaliarase a destreza comunicativa na lectura en voz alta.

Comprensión de contidos gramaticais básicos.

PROBAS DE ACCESO a 1ºCURSO:

Dada a inexistencia de Grado Elemental na especialidade de Canto, non se realizará proba de idiomas no acceso a primeiro curso.

PROBA DE ACCESO A OUTROS CURSOS

• CONTIDOS DA PROBA

1.- Lectura e tradución libre (con axuda do dicionario) dun texto a elección do tribunal, de dificultade acorde ó curso que se solicita.

2.- Responder por escrito a algunha pregunta de contido gramatical sobre o texto do exercicio 1.

3.- Exercicio de transcrición fonética de dificultade acorde ao curso que solicita, sen dicionario.

Para a realización da primeira proba disporá de 5 a 10 minutos (segundo a extensión e dificultade a criterio do tribunal) antes de leer o texto.

Para a realización das probas 1, 2 e 3 disporá dun máximo 30 minutos para as dúas primeiras e outros 30 para a terceira.

• CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1) Coñecer as características fonéticas, estruturais e gramaticais da lingua.

2) Adquirir un nivel básico para poder ler, traducir e interpretar textos ou cancións do seu repertorio.